



Obra ganadora do Certame de 2022: Manuel Carballeira Rivas

VIII Certame de Pintura Rápida Arra como antiga parroquia 06/08/23

ASOCIACIÓN
SAN CAYETANO
DE ARRA

CONCELLO DE
SAN
XEN
XO


Editorial MIC



HOTEL
RESTAURANTE
CASA ZULEMA

BASES

1. As presentes bases teñen por obxecto regular a participación no **VIII Certame de Pintura Rápida Arra Como Antiga Parroquia**, que terá lugar o domingo **6 de agosto de 2023**.

2. Poderán participar no Certame tódalas persoas que o desexen. A participación será gratuita, previa inscrición electrónica en: scarra.asociacion@gmail.com, ou o mesmo día do Certame no selado dos lenzos en horario de 09.00 a 11.00 na zona de aparcamento da Praia de Montalvo (Sartén).

*Tódolos participantes asinarán a solicitude de inscrición, de protección de datos e unha autorización para a cesión dos dereitos das fotos que sexan publicadas.

Teléfono de contacto: 634 038 495

3. Categorías

ADULTA. Desde os 17 anos.

1º Premio: 1000€

2º Premio: 700€

3º Premio: 500€

Tres accésits: 100€

*As obras premiadas con accésit quedarán en poder do autor/a.

1º Premio *Artista da Comarca*: 500€

2º Premio *Artista da Comarca*: 300€

*Premios sometidos a lexislación fiscal vixente.

INFANTIL

Ata 12 anos. 1º Premio: 100€ | 2º Premio: 50€

De 13 a 16 anos. 1º Premio: 200€ | 2º Premio: 100€

*As vintecinco primeiras inscricións na modalidade infantil recibirán un bono gratuito a escoller entre o *Racing Dakart Sanxenxo* ou o *Aquapark Sanxenxo*.

4. Temática.

Calquera lugar da parroquia de Arra e a súa contorna. O estilo e a técnica son libres.

Para **poñer en valor a riqueza paisaxística e cultural da parroquia de Arra** (zona delimitada no mapa adxunto), as obras deberán ser realizadas in situ. A organización facilitará un plano para que cada participante comunique o lugar no que se atopa realizando a súa obra e así poder comprobar a evolución da mesma en calquera momento.

5. O material necesario para desenvolver a actividade correrá por conta de cada participante.

6. O horario de selado dos lenzos será de 09.00 a 11.00 no aparcamento da Praia de Montalvo (Sartén) o mesmo día do Certame. Poderanse selar ata tres soportes pero só se entregará un para concurso. Os soportes non terán ningún límite nas súas dimensións, deberán ser a unha soa cor e sen texturas. As acuarelas deberán presentarse en soporte ríxido.

7. As obras entregaranse sen asinar antes das 19.00 na Casa do Priorato de Arra. O persoal da organización estará dispoñible para resolver os problemas que poidan xurdir durante o Certame.

8. O xurado estará formado por persoas relacionadas co mundo das artes, representantes municipais e da Asociación San Cayetano de Arra.

O fallo do xurado será inapelable e farase público xunto coa entrega dos premios o mesmo día 6 de agosto na Casa do Priorato de Arra ás 20.30.

9. Tódalas obras presentadas serán expostas entre as 19.00 e as 21.00 na Casa do Priorato de Arra.

As obras premiadas pasarán a ser propiedade da Asociación Cultural San Cayetano de Arra. As obras non premiadas, así como os accésits, previa taxación do autor/a, poderán ser adquiridas. A organización non se fai responsable dos acordos privados aos que se chegue entre autor e comprador. As obras non premiadas e os accésits poderanse retirar unha vez finalizada a exposición.

10. A participación neste concurso supón a aceptación destas bases, a conformidade coa decisión do xurado e a renuncia a calquera reclamación.

ASOCIACIÓN
SAN CAYETANO
DE ARRA

Tel. 634 038 495

scarra.asociacion@gmail.com

www.facebook.com/sancayetano.arra

CENTRO DE ARTE DE SANXENXO

Concellería de Cultura e Eventos

Pazo Emilia Pardo Bazán

Trav. Miraflores, 3. 36960 - Sanxenxo

Tel. 986 727 936_ centrodearte@sanxenxo.org

www.facebook.com/sanxenxo.arte/

www.instagram.com/artesanxenxo/



VISTA AÉREA DE ARRA.

— — — Zona delimitada de traballo.

Vistas desde Punta Pirámide



Praia Canelas



Miradoiro Punta Cabicastro



Punta Montalvo



Bascuas



Dunas de Montalvo



Ermida de A Lanzada



Priorato



*As imaxes amosadas son só suxerencias. Convidámosvos a explorar e descubrir polo voso pé os moitos recunchos dignos de seren pintados que agocha Arra e a súa contorna.